



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (22/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás dezaioito horas e doce minutos do día dezasete de xullo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás dezaioito horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 8 de xullo de 2026
2. Inicio expediente contratos menores
3. Licencia segregación parcelas e agregación simultánea
4. Adxudicación contratos menores
5. Aprobación expediente de contratación da obra do POS+2026 (anualidade 2026) nomeada Modificado Proxecto Mellora camiño de Vite, Parroquia de Queixeiro (Expediente Tedec 2026/C003/000003)

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 8 DE XULLO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 8 de xullo de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- INICIO EXPEDIENTE CONTRATOS MENORES

2.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000014
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Tipo:	Subministracións
Obxecto:	EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL SERVIZOS SOCIAIS: 3 camas articuladas eléctricas e 1 grúas eléctrica de traslado (segundo Prego de prescricións técnicas que consta no expediente)
Orzamento base licitación:	4.365,00€
Prazo de entrega	1 mes dende a notificación de adxudicación
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prestación servizo de axuda no fogar Art. 3.3.a) e Disposición Adicional 1ª e 4ª.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, e art. 80.2.k) Lei 5/1997, de 2 de xullo (LALGA)
Financiamento:	Deputación provincial - POS+AD1-G.SOC. INVES/2026

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as subministracións comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa utilización de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais nin materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.1 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PRIMEIRO.- Iniciar a contratación referenciada ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítase oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

Nome ou razón social	NIF OU CIF	E-mail
IGLESIAS SALUD,SLU	B94112778	atc@exclusivasiglesias.com
ESTABLECIMIENTOS ORTOPÉDICOS PRIM, SA	A28743847	l.movilla@prim.es
ORTOTECO, S.L.	B15153091	info@ortoteco.es

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

2.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2026/C002/000015

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	SERVIZOS
Obxecto:	Servizo complementario SAF- SERVIZO DE PODOLOXÍA
Orzamento base licitación:	5000,00€
Prazo de execución	Ata 31/12/2026
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Prestación servizo de axuda no fogar Art. 3.3.a) e Disposición Adicional 1ª e 4ª.1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, e art. 80.2.k) Lei 5/1997, de 2 de xullo (LALGA)
Financiamento:	Deputación provincial - POS+AD1-G.SOC. Gastos extraordinarios 2026

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa utilización de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais nin materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Polo exposto, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar a contratación referenciada ao principio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ao que reciban a invitación, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo por servizo máis baixo.

- NOELIA CASTRO SANDE, (noeliacastrosande@hotmail.com)
- ANA MARIA ARDAO PARIS, (ana.ardao.paris@gmail.com)
- CRISTINA VILA PORTELA, (critinavilaportela@gmail.com)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- LICENCIA SEGREGACIÓN PARCELAS E AGREGACIÓN SIMULTÁNEA

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido e do resto da documentación que consta nel:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2025/U018/000001, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2025/U018/000001

Licencia de segregación e agrupación simultánea

Datos do interesado/a: D. JESÚS FRANCISCO TORRADO TORRADO

Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 202599900000631 de rexistro de entrada de data 24/12/2025

Lugar de realización: Pico da Meda. Parroquia de Alto Xestoso. Concello de Monfero. A Coruña.

Descrición técnica: Segregación, permuta e agrupación en unidade de acto de varias fincas rústicas para reorganización da propiedade e xeración de representación gráfica alternativa (RGA)" segundo INFORME nº 2549 redactado e asinado por D. BERNARDINO GONZÁLEZ PENA, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1865 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña.

Tendo en conta os **antecedentes** seguintes:

Se solicita licenza municipal para a Segregación, permuta e agrupación en unidade de acto de varias fincas rústicas para reorganización da propiedade das parcelas lindantes cos números que se indican a continuación, do polígono 108, no lugar de Pico da Meda, parroquia do Alto de Xestoso, deste termo municipal, propiedade de DONA MARÍA GARCÍA PICO E DON JESÚS TORRADO TORRADO coas seguintes referencias catastrais e características:

Propiedade de D.^a María García Pico:

PARCELA A: Labradío en DIANTE DA CASA de dezanove áreas oitenta e nove centiáreas. Linda ao Norte con camiño; ao Sur: herdeiros de José María Casdelo; ao Leste: Jesús García e ao Oeste: herdeiros de Sergio Pico. É la parcela 95 do polígono 108.

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A108000950000TL, superficie ao abeiro da Sede electrónica de Catastro 1.990 m²

PARCELA B: Prado chamado O LEIRO de tres áreas e trinta e oito centiáreas. Linda: Norte, María García Pico (95); Sur, Serafín Grueiro Fernández (198); Este, Jesús Torrado Torrado (90); Oeste, Jesús Torrado Torrado (88)

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A108002040000TE. superficie ao abeiro da Sede electrónica de Catastro 338m²

Propiedade de D. Jesús Francisco Torrado Torrado

PARCELA C: Pasto chamado O LEIRO de dezasete áreas dos centiáreas. Linda: Norte, Manuel García Freire (95); Sur, Serafín Grueiro Fernández (198); Este, José Fernández

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Grueiro (204); Oeste, Serafín Grueiro Fernández (198), Josefina Freire Carballeira (199), Pedro Freire Grueiro (200), José Fernández Grueiro (201). Antonio García Freire (202), María Antonia Filgueiras García (203) y Manuel García Freire (95).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A108000880000TY. superficie ao abeiro da Sede electrónica de Catastro 1.702m²

PARCELA D: Pasto chamado ILLO de nove áreas e dúas centiáreas, agora, segundo recente medición de catastro oito áreas noventa e cinco centiáreas. Linda:

Antes: Norte, Manuel García Freire, Sur, herdeiros de Francisco Freire; Leste, herdeiros de Francisco Freire e na rechave que fai a finca con Manuel García Freire; e Oeste, herdeiros de Juan Fernández.

Agora: Norte, Manuel García Freire (95) e María Antonia Filgueiras García (91); Sur, Serafín Grueiro Fernández (198), Josefina Freire Filgueiras (78) e María Antonia Filgueiras García (80); Leste, María Antonia Filgueiras García (91) e Josefina Freire Carballeira (94); Oeste, José Fernández Grueiro (204).

REFERENCIA CATASTRAL: 15051A108000900000TB superficie ao abeiro da Sede electrónica de Catastro 895M²

As fincas atópase intercaladas entre si, e os requirentes pretenden reorganizar a propiedade mediante a segregación, permuta e posterior agrupación en unidade de acto de forma que se consegue unha redución do número de fincas e unha xeometría das mesmas máis funcional, resultando un total de 2 parcelas.

Considerando que:

1.- As operacións de agregacións parcelarias non precisan de licencia municipal, pero as segregacións están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.f da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

2.- Os actos solicitados serían autorizables ao abeiro do artigo 367 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e segundo o establecido no art. 149 da citada Lei, que permiten as segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Do proxecto achegado enténdese que entre as parcelas non resulta un maior número de lotes respecto das orixinariamente existentes e que se trata dunha reorganización parcelaria.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual das parcelas sobre as que pretende realizarse a segregación e agrupación en unidade de acto é a de solo rústico de protección ordinaria. As que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é o de Solo Rústico especialmente protexido de protección agropecuaria.

5.- Consta no expediente informe técnico favorable, do técnico contratado para o efecto, de data 06/04/2026 e informe xurídico de data 14/07/2026.

Unha vez examinada a solicitude e logo de ver o informe do técnico municipal favorable á concesión da licenza que se solicita por axustarse o proxecto ás condicións urbanísticas aplicables e á normativa vixente, cumprindo co indicado no art. 149 da vixente Lei 2/2016, do Solo de Galicia, posto que se trata dunha segregación e simultánea agregación en unidade de acto coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes e non resultan un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente existente, e o informe favorable da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de Goberno Local, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Conceder a licenza de segregación solicitada para a regularización da configuración de parcelas, condicionada ás operacións de cesión e agregación simultánea plantexadas no Proxecto de segregación e agregación simultánea e planos presentados, redactado por D. Bernardino González Pena, Enxeñeiro técnico agrícola, e que consiste en:

Primeiro: Dona María García Pico, segrega do predio 204 chamada O LEIRO o predio denominado SEGREGADA Ou LEIRO (204) dunha área setenta e oito centiáreas

Segundo: Don Jesús Francisco Torrado Torrado, segrega do predio 88 chamada O LEIRO, o predio denominado SEGREGADA O LEIRO (88) de catro áreas vinte e cinco centiáreas.

Terceiro.- Don Jesús Francisco Torrado Torrado, segrega do predio 90 chamada ILLO, o predio denominado SEGREGADA ILLO (90) de noventa e sete centiáreas

Cuarto.- Dona María García Pico dá e cede o predio SEGREGADA O LEIRO (204) a don Jesús Francisco Torrado Torrado e este a cambio cédelle á primeira os predios denominados SEGREGADA u LEIRO (88) e SEGREGADA ILLO (90)

Logo de realizar as operacións anteriores de segregación e cesión por permuta, procédese ás agrupacións que dan coma resultado as parcelas que se describen como segue:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Primeiro.- Don Jesús Francisco Torrado Torrado agrupa as parcelas MATRIZ O LEIRO (88), MATRIZ ILLO (90) e SEGREGADA O LEIRO (204) formando o predio denominado **AGRUPACIÓN 1** de vinte e dúas áreas cincuenta e tres centiáreas

Segundo.- Dona María García Pico agrupa as parcelas DIANTE DE CASA (95), MATRIZ O LEIRO (204), SEGREGADA O LEIRO (88) e SEGREGADA ILLO (90) formando o predio denominado **AGRUPACIÓN 2** de vinte e seis áreas setenta e unha centiáreas.

2º.- Condicionar a concesión da citada licencia ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

2º.1.- Deberá xustificarse ante o Concello, no prazo máximo dun mes, a presentación ante a Dirección Xeral do Catastro de A Coruña, a regularización das fincas de nova segregación. No caso de que por causa xustificada non se poda cumprir o prazo dun mes exposto, o interesado poderá solicitar prórroga motivada, ata un máximo de tres meses, que será, no seu caso, concedida pola Xunta de Goberno Local.

2º.2.- Deberá achegar ao Concello a corrección catastral definitiva.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- ADXUDICACIÓN CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, das ofertas solicitadas e das recibidas e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano contratación	Xunta de goberno local
Número expediente:	2026/C003/000013
Tipo:	obras
Obxecto:	ACTUACIÓN DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA E DE REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E PROTECCIÓN DOS CEOS NOCTURNOS, segundo memoria técnica que consta no expediente
Código CPV:	45316100 Instalación de equipo de alumbrado exterior

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Orzamento base licitación:	30.034,67€	
Aplicación orzamentaria	2026.1722.2642.62900	
Prazo execución/entrega:	20 días laborais (data límite 01/10/2026)	
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar estas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor.	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Medio ambiente urbano: ... protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica (art.25.2.b) da Lei 7/1985)	
Financiamento:	XUNTA DE GALICIA-Fondo de compensación ambiental 2026	
OFERTAS (Solicitadas /Recibidas)		
Licitadora	Importe	total
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	23680,00	28652,80
ELECTRICIDAD CRUCEIRO SL	24083,00	29140,43
HALLMANN ENERGIE SL.	24790,00	29995,90

Logo de ver as ofertas recibidas, o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e o resto de documentación, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se indican, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo da Xunta de Goberno local que inicia o expediente, a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.

3. Adxudicar ao licitador, Electricidad Permuy, S,L, no prezo de 28.652,80€, a actuación contida na memoria técnica que consta no expediente e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte.

4. Notificar este acordo ao adxudicatario e resto de licitadores, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.

5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS+2026 (ANUALIDADE 2026) NOMEADA MODIFICADO PROXECTO MELLORA CAMIÑO DE VITE, PARROQUIA DE QUEIXEIRO (EXPEDIENTE TEDEC 2026/C003/000003)

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, do proxecto, pregos, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN OBRA POS+ 2026

Número expediente: 2026/C003/000003

Logo de ver as circulares da Deputación Provincial da Coruña, sobre a aprobación do Plan, acordos anteriores dos órganos de goberno do Concello, informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da fase A de autorización do gasto, demais informes, proxecto técnico, acta de reformulo e restante documentación deste expediente, e, tras considerar, á vista das características do contrato, que o procedemento aberto simplificado, co prezo máis baixo como único criterio de adxudicación, é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo e non tratarse de ningún dos contratos aos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que se refire o art. 145.3. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP); propóñolle á Xunta de Goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aceptar expresamente a delegación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña para a contratación e execución destas obras.

2. Xustificar a necesidade de realizar a obra definida no proxecto nomeado, *MODIFICADO PROXECTO MELLORA CAMIÑO DE VITE, PARROQUIA DE QUEIXEIRO* cun orzamento de 95.122,89€, aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión realizada 17/04/2026, para dotar á veciñanza e demais usuarios das melloras que se describen detalladamente no devandito proxecto técnico, motivándoa polo estado de necesidade no que se encontran as vías, que precisan de obras de conservación en vías de titularidade municipal afectadas ao servizo público, resultando idóneo o obxecto e contido do proxecto para satisfacela.

3. Non aplicar a división en lotes polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o Concello:

- ☐ A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- ☐ Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- ☐ Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- ☐ A división en lotes suporía un atraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación Concello.

4. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e anexos que haberán de rexer a contratación de dita obra mediante procedemento aberto simplificado, que serán os aprobados para a contratación das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, mediante acordo plenario da Deputación Provincial da Coruña do 26 de febreiro de 2021 e publicados no BOP número 46, do 10 de marzo de 2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5. **Aprobar o expediente de contratación** da devandita obra.

6. **Proceder a súa contratación**, utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.

7. **Dispoñer a apertura do procedemento** convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, que inclúen o cadro de características do contrato, anexos, memoria xustificativa do contrato, o proxecto técnico e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

8. **Aprobar o gasto** correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 453.2640.61100.

9. Actuará como mesa de contratación a **Mesa de Contratación** da Xunta de goberno local do Concello de Monfero (*BOP núm.147* do 03/08/2023)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezoito horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario